



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN CELEBRADA O DÍA 27 DE FEBREIRO DE 2020.

HORA: 20.30h

ASISTENTES:

PRESIDENTA:

María Inés Monteagudo Romero (PP)

CONCELLEIROS/AS:

- D. José Vázquez Rama (PP)
- D.^a María del Carmen González García (PP)
- D. Juan Manuel Martínez Martínez (PP)
- D.^a María Del Rosario Fernández Piñeiro (PSOE)
- D.^a Sandra Maneiro Pais (PSOE)
- D. Ramón Lago Tajés (PSOE)
- D.^a María Xosé Alfonso Torres (CxG)
- D. Jose Antonio Uhía Martínez (CxG)
- D. José Manuel Quintela Fernández (CxG)
- D.^a María Lago Lestón (BNG)
- D.^a Paula Simal Mayo (BNG)

Non asiste, pero xustifica a súa ausencia, D.^a Caridad González Cerviño (PSOE)

SECRETARIO ACCIDENTAL

D. Jose Manuel Mayo Priegue

No Salón de sesións da Casa Consistorial, sendo as vinte horas e trinta minutos, do día de referencia reúnen en primeira convocatoria os Concelleiros citados anteriormente, ao obxecto de celebrar a sesión ordinaria do pleno da corporación, asistidos de min, o secretario accidental do Concello quen certifica.

Comprobada polo Secretario accidental a existencia do quórum necesario, declárase pola Sra. Alcaldesa aberta a sesión, con arranxo ao seguinte orde do día:

Antes de iniciar ao estudo dos asuntos incluídos na orde do día da sesión, intervén a Sra. Alcaldesa, para agradecer publicamente ós participantes, ó público, ós membros do GES e de Protección Civil, a Policía Local, o departamento de cultura do Concello e a todos os traballadores que participaron no entroido. Foi unha cuestión de loxística complicada porque



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

desfilaron máis de cincocentas persoas e todo transcorreu con normalidade e quería agradecerlle as súas actuacións.

ORDE DO DÍA

A Parte Dispositiva

Primeiro.- Aprobación das actas das sesión ordinaria con data 28/11/2019 e das sesións extraordinarias do 18/12/2019 e 28/12/2019.

A señora alcaldesa, María Inés Monteagudo Romero procede a preguntar ós membros da corporación se teñen algunha observación que engadir con respecto das actas que se presentan para a súa aprobación polo pleno.

1.- Acta da sesión ordinaria correspondente ó 28/11/2019 aporta corrección D^a María Xosé Alfonso Torres (CxG) no tocante á hora de remate. Informa de que figura como hora de remate ás 29h e 29min. Indica non saber exactamente a hora de remate e afirma a imposibilidade de ser a hora indicada no documento polo que prega a corrección deste erro. Requeridos á votación, aprobase dita acta contando ca abstención de D. José Manuel Quintela Fernández (CxG) e o voto a favor do resto dos concelleiros/as asistentes.

2.- Acta da sesión extraordinaria do 18/12/2019. Non habendo ningunha observación por parte de ningún membro da corporación, aprobase contando ca abstención de D. José Manuel Quintela Fernández (CxG), e o voto a favor do resto dos concelleiros/as asistentes.

3.- Acta da sesión extraordinaria do 28/12/2019. Non habendo ningunha observación por parte de ningún membro da corporación, aprobase a acta contando coa abstención de María Del Rosario Fernández Piñeiro (PSOE), e o voto a favor do resto dos concelleiros/as asistentes

Segundo. Moción do PSdG-PSOE para garantir a igualdade de trato entre as parellas de feito e as casadas no acceso á pensión de viuvez.

Intervén a Sra. alcaldesa para darlle a palabra á concelleira do grupo municipal do PSdG-PSOE, D.^a Sandra Maneiro Pais, para que defenda e expoña a moción presentada,

A concelleira do grupo municipal do PSdG-PSOE, D.^a Sandra Maneiro Pais pasa a ler a Moción que presenta o grupo municipal socialista do Concello de Muros para garantir a igualdade de trato entre as parellas de feito e as casadas no acceso á pensión de viuvez.



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

De acordo co previsto no regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais. O grupo municipal socialista do Concello de Muros desexa someter a consideración do pleno a seguinte moción:

As persoas rexistradas oficialmente como unión de feito, que sobreviven á súa parella, experimentan no noso país unha discriminación no acceso á percepción da pensión de viuvez respecto a os que elixen o matrimonio como modo de convivencia. Ao membro supérstite na parella de feito esíxenlle requisitos para a percepción da pensión que non son contemplados no supostos en que a parella se formaliza de conformidade coas normas que regulan o matrimonio. Esta diferenza de trato non ten causa obxectiva que actualmente a xustifique.

De acordo coa Lei Xeral da Seguridade Social, modificada no ano 2007, o membro supérstite da parella de feito deberá acreditar para percibir a pensión, que os seus ingresos durante o ano natural anterior non alcanzaron o 50 por cento da suma dos propios e dos do falecido habidos no mesmo período, ou o 25 por cento no caso de inexistencia de fillos comúns con dereito a pensión de orfandade. Esta regulación supón unha dobre discriminación. Dunha parte, esíxese que o membro defunto da parella gañase un euro máis que o sobrevivente para poder percibir a pensión, requisito que nalgún caso se esixe ao cónxuxe que sobrevive no matrimonio. Doutra parte, establécese uns requisitos diferentes no caso de que non existan fillos comúns con dereito a orfandade.

No caso de que non cumpran estes requisitos só recoñecerase dereito a pensión de viuvez cando os ingresos do sobrevivente resulten inferiores a 1,5 veces o importe do salario mínimo interprofesional. Con iso a norma trataba de garantir a pensión nos supostos de necesidade económica. Pero a finalidade da pensión non é garantir un mínimo vital, senón non para remediar o dano que produce á familia a diminución de ingresos na familia por mor da morte do cónxuxe.

A modificación de 2007 (Lei 40/2007, de medidas en materia de Seguridade Social) establecía por primeira vez no ámbito normativo (no xurisprudencial conseguíronse algúns recoñecementos con anterioridade), a posibilidade de cobrar a pensión de viuvez nos supostos de parellas de feito, iso supuxo un importante avance en orde a consecución dos dereitos das parellas de feito que ía parello ao recoñecemento desta realidade en ámbitos tan dispares como o tributario ou o penal. Pero a Lei trataba de que se acreditase, ademais da convivencia efectiva, a dependencia económica do convivente sobrevivente nas porcentaxes mencionadas en función da existencia ou non de fillos comúns con dereito a pensión de orfandade. Ademais, a Lei tampouco valoraba que a situación económica no momento do falecemento poida manterse como estable no tempo ou que esta situación sexa puramente circunstancial, como pode ser o caso de contratos de traballo temporais. Que se esixa unha “certa dependencia económica” dun dos membros da parella de feito



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

para optar a unha pensión de viuvez é discriminatorio. Que só se teñan en conta os ingresos do convivente que sobrevive nun momento determinado (o ano anterior ao falecemento) é inxusto.

A realidade social que trataba de regular a norma cambiou substancialmente. Por iso a norma debe cambiar.

Os fillos nados fose do matrimonio son 46.8% segundo as últimas cifras recollidas en 2017, cando nos anos 90, estes non chegaban ao 10%. Estas cifras son manifestación da ruptura do modelo tradicional familiar existindo unha realidade como son as unións de feito que debe ser considerado e regulado. Ademais, desde entón, recoñeceuse o acceso ao matrimonio a persoas do mesmo sexo e logrónse importantes (aínda que claramente insuficientes), avances en materia de igualdade.

De acordo cos datos do Instituto Nacional de Estatística no ano 2018 había en España rexistradas 1.625.800 parellas de feito fronte a 9.655.100 parellas casadas. Iso supón que un 14,41% da poboación opta por inscribirse nun Rexistro Oficial de Parellas de feito, fronte a 85,59% que optan polo matrimonio. Non existe razón para discriminar a estas parellas.

Neste punto non pode evitarse contemplar outro dato: no noso país o número de viúvas é moi superior ao de viúvos. Iso supón que, na práctica, a medida é unha norma que, unha vez máis, atenta contra a igualdade da muller no noso Ordenamento Xurídico.”

Por todo o exposto, o grupo municipal socialista do Concello de Muros somete a votación a seguinte moción para ser aprobada:

1. Instar o Goberno de España a promover a modificación da Lei Xeral da Seguridade Social e demais normas que resulten necesarios para garantir aos membros das parellas de feito o acceso a todas as prestacións ou pensións vinculadas a situacións de viuvez, nas mesmas condicións que aos cónxuxes nos matrimonios civís.
2. Esixir a retroactividade destas modificacións para as familias afectadas por esta discriminación dende a entrada en vigor da Lei 40/2007, o 1 de xaneiro de 2008.

PRIMEIRA INTERVENCIÓN:

D.^a María Xosé Alfonso Torres (CxG) manifeta que *todo que sexa a prol da igualdade das persoas de tódolos colectivos, nos parece ben, e estamos a favor, polo que vamos a votar a favor da moción, e agardamos que agora governe en Madrid o partido socialista, que é quen presenta a moción, sexa unha axuda para que estas mocións-tipo vaian adiante e que teñan o seu efecto*



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

D.^a María Lago Lestón (BNG) manifesta *que estamos totalmente de acordo ca exposición de motivos da moción que se presenta. Non debe de haber ningún tipo de trato discriminatorio pero, parécenos que o acordo resúta bastante ambiguo xa que non se especifica claramente as normas que se pide cambiar, polo que creemos que hai falta de concreción. Ademais, as normas que regulan as parellas de feito teñen bastante compoñente dependendo das autonomías e nós por responsabilidade, porque creemos que é bastante ambiguo o acordo que se presenta, ímonos abster. Estamos totalmente de acordo ca exposición de motivos e neste campo van ter o noso total apoio polo que nos vamos a abster debido a inexistencia de concreción*

A sra. Alcaldesa como expón que *na modificación que se fixo na lei da seguridade social no que se refire a pensión de viuvez, estableceuse efectivamente un trato diferenciado, entre as parellas de feito e as unidas por vínculo matrimonial. O lexislador, que tamén era do partido socialista, optou por darlle distinto tratamento e distintos dereitos ós cónxuxes que ás parellas de feito e hoxe en día esta distinción non ten moito sentido. A norma que regula os dereitos de prestacións por viuvez é a lei da seguridade socia e as normas que resulten necesarias, serán, supoño que algún tipo de regulamento ou orde na que se concreta esta normativa. Nós, imos a votar a favor, sen ningún problema.*

SEGUNDA INTERVENCIÓN

Ningún dos grupos ten nada que engadir.

VOTACIÓN

Sometido o asunto a votación, o Pleno, cos votos a favor PP (4), do PSOE (4), e de CxG (3), e a abstención do BNG (2), e polo tanto coa maioría absoluta, queda aprobada esta moción.

Terceiro. Moción presentada polo grupo municipal do PPdG a prol da igualdade de xénero e o empoderamento das mulleres e nenas.

Intervén a sra. Alcaldesa para leer a moción presentada, aprobada na comisión informativa

A axenda 2030 para o Desenvolvemento Sustentable impulsa o compromiso da comunidade internacional a través do Obxectivo 5 para o logro da igualdade de xénero e o empoderamento de todas as mulleres e nenas.

A igualdade entre os xéneros non é só un dereito humano fundamental, senón a base necesaria para conseguir un mundo pacífico, próspero e sustentable.

A nosa sociedade segue tendo que facer fronte a retos fundamentais para acadar a igualdade real e efectiva. No noso país, a pesar da igualdade recoñecida na Constitución e



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

no noso ordenamento xurídico, e dos significativos progresos feitos nos últimos anos, a desigualdade entre mulleres e homes, persiste.

Dúas das metas que se recollen no Obxectivo 5 da Axenda 2030 son:

- **POLÍTICAS E LEIS PARA A IGUALDADE E O EMPODERAMENTO:** Aprobar e fortalecer políticas acertadas e leis aplicables para promover a igualdade de xénero e o empoderamento de todas as mulleres e as nenas a todos os niveis.
- **USO DE TECNOLOXÍA E ACCESO A TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E A COMUNICACIÓN:** Mellorar o uso da tecnoloxía instrumental, en particular a tecnoloxía da información e as comunicacións, para promover o empoderamento da muller.

Algúns dos datos a nivel estatal:

- O 58% do paro rexistrado en España corresponde ás mulleres;
- A diferenza salarial media entre home e mulleres en España é de 5.941 €
- En España, o 75% das persoas con traballo a tempo parcial son mulleres;
- As mulleres en España destinan máis do dobre do tempo que os homes a tarefas vinculadas co fogar e a familia;
- Tan só un 28% das mulleres españolas realizan unha carreira tecnolóxica e un 7% enxeñerías.

Polo exposto, propoñemos a corporación do Concello de Muros, a adopción do seguinte **ACORDO:**

1. Instar ao Goberno do Estado a:

- Aprobar o novo Plan Estratéxico de Igualdade de Oportunidades 2019-2022, que será tamén un instrumento para dar cumprimento á Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sustentable.
- Promover un Plan contra a brecha salarial en España e, impulsar a efectividade do principio de igualdade de remuneración por razón de sexo.
- Impulsar un Pacto Nacional para a Conciliación Laboral e a Racionalización de Horarios, para favorecer a conciliación da vida laboral, persoal e familiar.
- Desenvolver unha Estratexia Nacional para impulsar as vocacións STEM, que son as referidas a ciencia, tecnoloxía, enxeñaría matemáticas, entre as alumnas, que inclúa entre outros aspectos: impulso ás materias STEM na educación e programas de formación do profesorado para a mellora na aprendizaxe das materias STEM.
- Posta en marcha de iniciativas para a formación de mulleres en habilidades STEM na contorna rural, mellorando a súa formación no ámbito dixital, acceso ás novas tecnoloxías e uso das redes sociais.

2. Instar ao Goberno da Xunta de Galicia a:



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

- Dentro das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia levar a cabo as accións necesarias para conseguir como obxectivo fundamental a igualdade retributiva das mulleres en todos os ámbitos (tecnolóxico, cultural, deportivo, etc.).
- Elaborar un Programa para o fomento das vocacións STEM (ciencia, tecnoloxía, enxeñaría e matemáticas) entre as nenas e mozas para pechar a fenda de xénero nestes estudos e incrementar a presenza da muller nos ámbitos científicos e tecnolóxico de Galicia.
- Fomentar e incrementar os programas de alfabetización dixital das mulleres maiores e especialmente aquelas que vivan no medio rural, co obxecto de mellorar o manexo e as súas habilidades no uso das novas tecnoloxías.

3. Instar ao Goberno do Estado e a Xunta de Galicia a levar a cabo medidas que recoñezan os traballos das mulleres en relación cos coidados sen prexuízo do recoñecemento dun salario e recuperar a cotización na seguridade social.

Que o concello leve a cabo accións para poñer en valor e dar a coñecer ás mulleres referentes galegas que son líderes nos seus respectivos sectores para que rapazas e rapaces teñan referentes femininos, como por exemplo na ciencia e na tecnoloxía.

Como comentamos, xa na comisión na que esta moción inclúe algunha aportación que fixo a portavoz do grupo socialista pois, a pesar dos últimos anos, os avances innegables pero insuficientes, temos que entre a administración e a sociedade seguir traballando para acadar unha igualdade real e efectiva. Outros anos presentamos propostas para traballar noutros ámbitos, educativo por exemplo e este ano queremos incidir na igualdade salarial para que non exista discriminación salarial por razón de sexo e para incentivar a participación da muller nas áreas de ciencia, tecnoloxía, enxeñaría e matemáticas nas que existe unha fenda de xénero e nas que hai que desterrar estereotipos baseados no xénero a través entre outras medidas da discriminación positiva.

Aproveita tamén a sra. Alcaldesa para informar e dar conta da programación que adicamos con motivo do día internacional da muller que se celebra o próximo 8 de marzo.

PROGRAMA

- **Do 2 ó 20 de Marzo (Pozo do Cachón) - Exposición María Josefa Wonenburger Planells.** Veciña de A Coruña que destacou en campos como as matemáticas.
- **Días 2, 4, 9 e 31- Obradoiros sobre igualdade nos Centro educativos**
- **Día 6 – Contacontos**



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

- **Día 7- Xornada adicada “Ó impulso feminino no deporte”**. Organiza o Clube de Remo Muros e o CIM
- **Día 8 - Visita guiada polo casco** destacando o papel das mulleres no desenvolvemento da vida diaria nunha vila mariñeira.
- **Día 14 - Teatro**

PRIMEIRA INTERVENCIÓN

D.^a Sandra Maneiro Pais (PSOE) manifesta que *pola nosa parte, estamos dacordo ca moción e imos votar a favor*

D.^a María Xosé Alfonso Torres (CxG) di que *o punto engadido na comisión informativa foi a proposta do BNG non do Partido Socialista. Na línea da moción anterior, tamén promove a igualdade, neste caso entre mulleres e homes, polo tanto nós tamén estamos a favor desta moción, Sí, que nos chama a atención que gobernando o partido popular o traia como moción e non como proposta do grupo de goberno, pero en calquer caso nós imos a votar a favor desta moción*

D.^a María Lago Lestón (BNG) expon que como xa dixo *na comisión informativa o principal motivo para poñer o último punto que ten que ver cos coidados é porque precisamente as asociacións vinculadas ó 8M este ano queren poñer en valor os traballos e os coidados e todo o que elo conleva e toda a carga que supón para a muller. Estamos totalmente a favor da promoción das mulleres nas profesións STEM. De feito, as dúas concelleiras do BNG somos dúas STEM. No pleno, tamén podemos presumir de ter a máis xente, a máis mulleres que se adican a este campo, como a portavoz de CxG que tamén se adicou a esta vía. Pero, non deixa de sorprendernos que sendo esta unha moción que presenta o grupo de goberno, que xa gobernaba o once de febreiro día internacional da muller e a nena na ciencia, non fixesen ningún acto xa que hai mulleres ás que poñer en valor, podemos partir de Marie Curie, de Margarita Salas se nos imos ó campo nacional de Katherine Johnson, Dorothy Vaughan ou Mary Jackson que a parte de ser mulleres matemáticas que no seu día fixeron unha achega indispensable no cálculo da traxectoria do “Programa Mercury” e do voo do “Apolo 11” venceron a parte da barreira do xénero de ser tres mulleres fortemente racializadas e temos cincuenta mil referentes máis coma Rosalind Franklin a quen no seu día se lle roubou directamente o premio nobel. Botamos en falta que se fixese ese día unha achega dende o Concello sobretudo se nos chegan agora para estas datas con esta moción na que precisamente no punto din que o Concello levará a cabo accións para poñer en valor as figuras das mulleres sobretudo neste campo. Polo demais, sí que estamos dacordo ca moción e imola apoiar*



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

Intervén a alcaldesa para comentar que *como pode comprobar pois sí que levamos unha muller, ademáis galega, matemática para máis inri a que se lle vai a facer desde o Concello un acto de exposición ó que se convidará, dende logo, ós escolares*

SEGUNDA INTERVENCIÓN

Non hai achegas por parte de ningún dos grupos.

VOTACIÓN

Sometido o asunto a votación, o Pleno, por unanimidade dos doce membros presentes dos trece que de dereito o forman, acorda aprobar a moción presentada neste punto

Cuarto. Lectura do manifesto presentado polo PSdG-Psoe, con motivo do día da igualdade Salarial

Intervén a Sra. alcaldesa para darlle a palabra á concelleira do grupo municipal do PSdG-PSOE, D.^a Sandra Maneiro Pais, para que lea o manifesto, a cal sinala que non se presenta para sometelo a votación, so para leelo e que na comisión informativa acordouse que non habia ningun problema e procede a súa lectura

Con motivo da conmemoración do Día da Igualdade Salarial, o PSdeG-PSOE quere mostrar o seu compromiso para acabar coa desigualdade laboral e salarial resultado da suma de discriminacións que as mulleres sofren no mercado de traballo e no ámbito privado.

En 2017, o salario medio bruto das mulleres representou o 78% do salario medio bruto masculino. A brecha salarial de xénero sitúase no 22% (último dato dispoñible, 2017 do INE)

A principal causa de que o salario anual das mulleres sexa menor que o dos homes está motivado polo peso dos coidados (a menores, a persoas maiores, do fogar, etc.) que recae desproporcionadamente sobre as mulleres.

Por este motivo, as mulleres teñen máis dificultade para acceder ao mercado de laboral e para promocionar unha vez conseguido un emprego. A realidade laboral das mulleres caracterízase pola parcialidade – as mulleres supoñen o 74,13% dos contratos a tempo parcial – INE 4T 2019- , por contar con máis taxa de paro – 12,23% homes e 15,55% mulleres – INE 4T 2019- e menos taxa de actividade – 64,24% e 53,53% mulleres – INE 4T 2019 – e de emprego – 70,8% homes e 60% mulleres – INE 4T 2019 -.



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

Tamén atopan máis obstáculos para acceder a postos de responsabilidade. Nas empresas do IBEX-35, en 2018, as mulleres conselleiras só representaban o 23,2% e as presidentes o 8,8%, tal como indica o INE.

Para o PSdeG é indispensable profundar na mellora das condicións das mulleres no ámbito da súa independencia económica e, xa que logo, da garantía das condicións materiais para ter unha vida digna. Para o presente, cun traballo que lles permita ter un proxecto de vida propio. E para o futuro, porque de como sexan eses traballos (tipos de contrato, cornada, salario, etc.) dependerán as pensións que reciban.

Grazas ás melloras introducidas polo Goberno socialista desde xuño de 2018 conseguimos reducir case 2 puntos a brecha de xénero nas pensións, aínda que a pensión media que reciben as mulleres aínda segue sendo un 35% inferior á dos homes.

O Grupo Parlamentario Socialista rexistrou unha **Lei de igualdade laboral** que non puido aprobarse na pasada Lexislatura pola disolución das Cortes e as convocatorias electorais. Con todo, o Goberno socialista rescatou as súas medidas máis importantes e aprobou fai un ano un Real Decreto Lei cosas medidas **máis necesarias para garantir a igualdade entre homes e mulleres no emprego**, para atacar de xeito urxente os elementos discriminatorios no itinerario laboral das mulleres e, en definitiva, para garantir o cumprimento do principal valor da Constitución, que é a igualdade.

Entre outras medidas, ampliáronse os permisos de paternidade para a súa progresiva equiparación cos de maternidade co obxectivo de avanzar en corresponsabilidade, estableceuse a obrigatoriedade dun rexistro de salarios para eliminar a brecha salarial, modificouse a lexislación para estender os plans de igualdade nas empresas e recuperouse a cotización á Seguridade Social das cuidadoras de persoas con dependencia.

Así, **o permiso de paternidade pasou de 5 a 8 semanas en 2019**, pasará a 1 semanas en 2020 e a 16 semanas en 2021, un paso crave para conseguir a igualdade real e efectiva entre homes e mulleres na conciliación e o principio de corresponsabilidade nos coidados. Ademais, os plans de igualdade nas empresas **estendéronse a todas aquelas con máis de 50 persoas traballadoras**, porque entendemos que devanditos plans son os que garanten os verdadeiros dereitos e o tratamento igualitario das mulleres. Igualmente introduciuse a **transparencia nas táboas salariais**, ás que poden acceder a representación legal das e os traballadores. Si a diferenza salarial entre homes e mulleres supera o 25%, a empresa deberá acreditar as razóns con causas obxectivas. Tamén, recuperamos **a cotización á Seguridade Social das persoas cuidadoras de persoas con dependencia**, un colectivo maioritariamente integrado por mulleres. A iso, ademais hai que sumar os **incrementos sobre o Salario Mínimo Interprofesional de 2019 e o aprobado para 2020**, percibido maioritariamente por mulleres.



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

Todo iso, negociado no marco do diálogo social, para o que se convocou unha Mesa de Diálogo Social sobre Igualdade, coa participación do Goberno e os Axentes Sociais.

O Goberno socialista percorreu parte do camiño necesario para dotarnos dunha norma con actuacións concretas dirixidas a reducir a desigualdade no ámbito laboral, materializada na brecha salarial. Máis da metade da poboación sofre discriminación e este Goberno traballou e vai seguir traballando ata o último momento para dar resposta aos problemas reais das mulleres. Esa é a principal obrigação e responsabilidade da política e do noso traballo constante desde o Partido Socialista.

A igualdade efectiva pasa, necesariamente, pola independencia económica e por que as mulleres teñan a posibilidade de proxectarse no ámbito profesional. A igualdade no emprego é, xa que logo, un fin en si mesma, pero tamén é o instrumento clave: **o pleno goce dos dereitos e liberdades por parte das mulleres só pode construírse a través da igualdade e a independencia económica.**

“Somos libres cando podemos ter unha vida autónoma” Carmen Calvo “

DÍA DA IGUALDADE SALARIAL

A igualdade no emprego é, xa que logo, un fin en si mesmo pero tamén é o instrumento clave o pleno goce dos dereitos e liberdades por parte das mulleres só pode construírse a través da igualdade e independencia económica . Somos libres cando podemos ter unha vida autónoma.

B MOCIÓNS DE URXENCIA

Non se pronuncia ningún dos grupos

C PARTE DE CONTROL E SEGUIMIENTO DA XESTIÓN DOS ÓRGANOS DE GOBERNO.

Quinto. Dar conta para coñecemento das Resolucións da Alcaldía do número 1 ao 118 do ano 2020;, das Xuntas de Goberno Local do 27 de decembro de 2019 e do 21 de xaneiro de 2020; e das resolucións contrarias aos reparos formulados pola intervención municipal

O Pleno queda coñecedor.

Sexto. Rogos e preguntas

Intervén a alcaldesa para dicir que comezará respostando ás preguntas presentadas no pleno do mes de xaneiro.



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

A voceira do grupo socialista facía varios rogos dos cales se atenderon algúns e os outros se están atendendo na medida do posible e preguntaba cantas multas puxo augas de Galicia no período 2015-2019. En canto as multas, pódolle adiantar as dos anos 2018 e 2019 que son as que podemos recopilar, son once expedientes dos que oito xa están resoltos con sancións, a maioría por desatención ós requerimentos enviados, acabamos de pagar 10.000€ en sancións. Preguntaba polo permiso de portos, das festas de San Pedro e por aquí non o atopamos. Preguntaba cómo está o canon de Espina&Delfin. Espina interpuxo unha demanda no xulgado contencioso administrativo. Nos seis meses que este goberno estivo, o que fixemos pois foi sacar as axudas para asociacións deportivas para o ano 2019 que están todas pagadas e pagamos anticipadamente as bandeiras do ano 2020.

Facía referencia a algunhas erratas nas actas da Xunta de Goberno e decretos. As erratas como vostede sabe, moi ben, non son achacables ó traballo do goberno aínda que as asumimos e trataremos de correxilas. De tódolos xeitos, xa sabe vostede que non se equivoca quen nunca fai nada.

Preguntaba por unha actividade extraescolar de atletismo este curso escolar. As actividades extraescolares como xa lle explicamos en outra ocasión as organizan as AMPAS co apoio do Concello e son eles os que decidiron en función da demanda as actividades a impartir.

Preguntaba pola reordenación do mercado tamén xa lle contestamos nalgunha ocasión que estamos regularizando os postos, tanto no que a documentación se refire como a posta ó día do pago de taxas que estaban bastante atrasados e moitas das novas autorizacións xa están dando para o casco . Esperamos que a finais do mes de marzo teñamos xa bastante clarificado este tema.

Preguntaba polos traballos de oficialización do camiño de Santiago está entregada na consellería a documentación sobre a historicidade do camiño atopase en faser de análise e posteriormente definirse o trazado. Polo que nos din xa está aprobados os estatutos da asociación por tódolos concellos. Os traballos, en definitiva, van avanzando, aínda que non o ritmo que nos gustaría

Preguntaba polos avances no terreo de Tal. Estamos analizando urbanísticamente a proposta para definir o espazo e iniciar así o expediente.

Preguntaba a voceira do grupo do BNG cando van a cobrar as asociacións. Todas as subvencións a asociacións e entidades que se convocaron o ano pasado están xa pagadas.

Preguntaba pola fibra óptica en Torea e Abelleira. Xa lle contestara en outra ocasión tamén e lle reitero a resposta. Na convocatoria do programa de extensión de banda larga de nova xeración correspondente ó ano 2019 Telefónica recibiu unha subvención para despregar fibra óptica antes do remate do 2021 en moitos núcleos, entre os que se atopan Abelleira e Torea.



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

Polo sinal de televisión en Torea e Abelleira fixemos algunhas xestións en RETEGAL polo que sabemos puxéronse en contacto directo coa asociación de veciños.

Preguntaba polos hidrantes no Rebordiño, xa que a partir dun lume que se produciu nunha vivenda presentaron a solicitude da colocación de puntos de auga os veciños de Rebordiño posto que alí, como en moitos outros lugares do Concello pois é difícil acceder cos vehículos de emerxencia, tratamos de prever esta necesidade nas obras que se van afrontando e agardamos poder ir cubrindo as necesidades e solicitudes de todos os veciños a este respecto.

Preguntaba pola resposta a asociación de veciños A Ostreira mantivemos unha reunión coa directiva o día 30 ou 31 de xaneiro, non recordo exactamente, e tratamos con eles varios asuntos do seu interese.

Preguntaba polas obras do Petón, aínda estamos á espera da contestación do rexistro. Reiteramos varias veces a solicitude feita pero a verdade é que aínda non contestaron.

Preguntaba pola estrada de Canelas fíxose algún bacheado pero esperamos poder afrontar unha reforma máis profunda máis adiante.

Preguntaba polas demandas do persoal-laboral do Concello. É unha pregunta case de agradecer xa que a situación na que nos atopamos en canto ós procesos de reclamacións laborais do Concello é de absoluto caos. Tivemos que recorrer en ocasións ós propios traballadores demandantes para que nos achegaran as sentenzas porque en moitos casos nin sequera constaban no Concello. A litixiosidade en materia laboral é moi alta, hai sentenzas sen executar dende o ano 2018 e estamos tratando de clarificar esta situación e ir dando cumprimento ás sentenzas que en moitos casos supoñen o abono de importantes cantidades en atrasos e intereses, en algún caso, para un só traballador supera ós 40.000€.

Preguntaba polo proxecto da RPT, na elaboración do orzamento para este 2020. Estamos a traballar na plantilla de persoal, definir cales son os postos estruturais e a partir desa plantilla entendemos e así o falamos na mesa de negociación pois que ese ten que ser o elemento a partir do que elaborar a era RPT. Pedíronnos na mesa de negociación que incluíamos unha partida nos orzamentos para seguir avanzando na elaboración da RPT e era unha previsión que xa tiñamos feita pola nosa parte

Preguntaba polo cambio de denominación do Camiño do Pardal. O nomenclátor está aí e non imos a facer ningún referendun ilegal para tratar de cambiálo nome. Revisaremos o nomenclátor e se hai algún caso no que se incumpra a normativa vixente pois trataremos de consensuar cos veciños os cambios que se deban facer.

Preguntaba polo gasto no alumeado de nadal, o gasto foi duns 17.000€ mais ou menos igual que en anos anteriores.



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

Preguntaba polos arranxos en parques, xa nos referimos tamén no pleno pasado que estaba solicitado o permiso para amañar o parque de Muros e solicitouse tamén unha subvención coa que iremos afrontando as distintas reformas que hai que facer en cada parroquia en función do uso e deterioro que teñan os parques.

Preguntaba por arranxos en pistas deportivas. Amañouse a pista de pádel, a pista de Tal de arriba e tamén se fixeron varios amaños nos pavillóns de Esteiro e de Muros. Está pendente de adxudicación a conservación de estruturas metálicas en Louro, Esteiro e Remo de Esteiro e a substitución do pavimento do pavillón de Muros.

Preguntaba pola obra de reparación no casco histórico da Ribeira de Creo. Non sei exactamente a qué se refire con eso supoño que se refire á mellora de estruturas hidráulicas en Freixeiros. Está agora xa licitada e en proceso de adxudicación.

Preguntaba pola Rambla de Esteiro. A construción da rambla competelle a portos sabemos que hai pouco tempo, un par de meses, un equipo de buzos fixo unha inmersión para facer un estudo das correntes e dos solos e pensamos que o proxecto vai avanzando.

Preguntaba polo aparcadoiro en Esteiro. Temos intención de liberar a parte traseira da nave de Plácido e estamos procurando outras posibles ubicacións.

Preguntaba polas árbores mortas en San Francisco, algunhas xa se cortaron e están traballando alí os alumnos da escola-obradoiro.

Preguntaba polas obras do campo da Esteirana. Cambiaronse as rejillas de desaugue de todo o perímetro do campo, fíxose algún amaño na instalación eléctrica o que é a instalación de gradas plantexase a posibilidade de aluguer para empregalas no único evento no que se solicitan.

Preguntaba pola páxina web, está practicamente rematada e esperamos que nun mes aproximadamente, estea operativa.

Onte, presentou por escrito a voceira de CxG, unha serie de preguntas ás que lle vamos dar a resposta tamén.

Preguntaba, sobre a cita que tiñamos para o 10 de febreiro para tratar o tema da RPT. Esa reunión xa a houbo e sí, acordouse algo da elaboración da RPT. O que eu dixen foi que estaba prevista unha reunión co comité para tratar, entre outros asuntos, a elaboración da RPT. Efectivamente, esa reunión tivo lugar, e na mesma, se lle dou conta o que lle contestei antes de que na elaboración do orzamento estamos facendo a plantilla de persoal e a partir dese elemento faremos a elaboración da RPT. O mesmo que lle indiquei, pedir que se inclúa unha partida nos orzamentos para seguir avanzando na elaboración da RPT, previsión que



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

xa tiñamos feita e, por certo, a factura da empresa que vostedes contrataron para a RPT está aí, sen pagar tamén.

Preguntaba se, se pode destinar a inversións o superávit de 1.052.613, 07€ do 2019 os criterios márcaos a lei de estabilidade orzamentaria son os que fixan o destino do superávit seguen sendo os mesmos que o ano pasado e co anterior: débeda financeira, recoñecemento extraxudiciais de crédito, gastos pendentes de pago de exercicios anteriores e investimentos.

Preguntaba se tibemos reunións coa asociacións organizadoras das carrilanas de Esteiro e co Castelorock e sí, sí que as tubemos.

Preguntaba se presentamos algún proxecto á última convocatoria do GALP xa que remata o prazo este 1 de marzo. Temos previsto presentala mañá, é unha proposta consensuada, solicitada polo “Mar de Muros” e outras asociacións. Unha proposta, que por certo, vostede, nos afirmou aquí, neste salón de plenos que estaba presentada ó GALP e non estaba presentada. Volveremos a retomala, aínda que non é, acortaron bastante as súas pretensións e o que se vai a facer é algo máis pequeno.

Decía, que no pleno extraordinario de decembro destináronse algo máis de 200.000€ do pos do 2020 a gasto corrente, concretamente a alumado público. Existen facturas pendentes de pago nesa partida o que aprobamos no mes de decembro foi a proposta que presentamos á deputación para adicar a gasto corrente 156.189,21€ que van nunha partida xenérica na que se imputarán gastos correntes. En calquera caso, sí hai facturas pendentes de pago.

No mes de decembro chegounos unha queixa no que dicía vostede goteiras e saída de fecais no vestiario do Eleuterio Balayo. No pleno pasado díxonos que non se fixera ningunha obra pero sí tarefas de mantemento pero sin embargo, segue o problema e sí que se fixeron varias tarefas de mantemento. Non nos consta que siga o problema.

Comentaba que faltaba un decreto que xa llo enviaron hoxe e, por certo, quería aproveitar para comunicarlle que sí que se resolveu o misterio dos decretos desaparecidos da anterior convocatoria que non constaban en secretaría. Existían, efectivamente e son todos decretos de servizos sociais que pola natureza e que teñen non son accesibles para todo o mundo polo que tibemos que facer algunha xestión en TeDEC, teño aquí, copia deles e se queren entrégolle unha copia, son como algúns dos que van nesta documentación pois, información, digamos, “sensible”, polo que lle rogamos a discreción que sabemos que teñen. Aparecían como ocultos no sistema de TeDEC e houbo que, ca incidencia informática que fixemos, fixeron que se puidera acceder dende secretaría que non aparecían.

Comentaba vostede tamén, que lle enviamos un borrador da parte técnica aínda que sen proposta política das bases de dirección do orzamento 2020 que as miraron que enviamos



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

algunha apreciación e que aproveitamos que temos oposicións que miran os borradores que se lle envían cando temos previsto enviarlle algunha proposta do grupo de goberno para avanzar na elaboración dos orzamentos

Efectivamente, señora Alfonso entregámoslle no mes de outubro do ano pasado o borrador das bases de execución naquel momento xa lle demos algunhas indicacións de erros e omisións que había no borrador que vostede tres meses despois recolle xunto con algunha outra nas consideracións remitidas. A nós nunca se nos remitiron cando estibemos na oposición ningún borrador de bases de execución nin de orzamentos e avanzaremos unha vez, como lle decía que saquemos o REC e as facturas que están aí atrasadas.

PREGUNTAS

Señora Maneiro

Leemos hai uns días que comezaban a “bachear” no Concello nas redes sociais do axuntamento pero hai parroquias que non se tocaron, entendemos que ca chuvia, non se pode bachear pero rogamos que sigan canto antes porque a verdade é que están os camiños de case todas as parroquias moi tocados.

Comentou, nomeou varios parques de que ían arranxar. Creemos que se deberían arranxar practicamente todos os do concello dende Louro ata a Esteiro. Pola nosa parte nada máis.

Señora Afonso.

Con respecto ás preguntas que nos contestou hoxe do pleno pasado. Contéstanos que sí, que tivo reunións coas asociacións organizadoras das carrilanas e do Castelorock. Nós preguntámoslle tamén en qué vai consistir a colaboración económica do Concello con cada un destes dous eventos este ano, en caso de que non se manteña o acordado por unanimidade aquí en pleno para o ano 2019 e a iso, non nos contestou, co cal reiteramos esa pregunta.

Comentou que eu dixera aquí que estaba presentada no GALP ese proxecto da mariña tradicional que é o proxecto que supoño que ó que se refire que se vai a presentar e eu non o recordo exactamente pero dubido moitísimo que dixera que estaba presentado, supoño que diría que se ía presentar e como lle comunicaron seguramente as persoas que colaboran nese proxecto porque non é exclusivamente do Concello senón que colaboraban outras entidades como estou segurísima de que lle dixeron lle xurdiron, precisamente a esas entidades, problemas de última hora que impediron presentar ese proxecto. Si vai ir agora,



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

na convocatoria que remata o 1 de marzo pois, pola miña parte alégrome porque era algo que queríamos fora xa o ano pasado. Revisarei os plenos a ver exactamente, que dixen.

Dixo tamén que nunca lle remitimos un borrador de orzamentos e sí que lle remitimos un borrador de ingresos e gastos. Ó que non contestou ningún grupo da oposición. Nin tres meses despois nin cinco meses despois

Intevén a sra alcaldesa para preguntar se son rogos ou preguntas

Continúa a sra Alfonso rogandolle que sexa máis precisa no que comenta e que non diga cousas que non son certas.

Na resolución da alcaldía 84/2020 polo que se contrata unha persoa para que substitúa a outra que solicitou un permiso por enfermidade grave dun familiar non coinciden as datas do permiso coas datas de contratación do persoal. Entendo que é unha errata, creo que a data que está mal é a do 28/12/2020 e creo que aí é o 28/01/2020, entón se acaso e se lle parece ben, que se corrixa. Eu xa sei que as erratas nas actas de xunta de goberno e nos decretos non son cousa do goberno municipal, nunca lle dixen tal cousa. Nin sequera como facía vostede a acusei de goberno por eso. Simplemente xa que as vexo o comentario por se queren correxilas, nada máis, en ningún momento dixen que eso fora responsabilidade do grupo de goberno. Se lle molesta, non digo nada e deixo que sigan mal, non hai problema, a min non me van a causar ningún problema.

Na prórroga do orzamento feita por resolución da alcaldía 1734/2019 non se prorrogan as subvencións nominativas entre as que están, por exemplo, as das comisións de festas, Semana Santa ou Corpus Christi rogamos que se busque a fórmula para que sigan tendo todas elas as axudas do Concello.

No mandato pasado fixemos un importante esforzo para mellorar a situación económica do Concello e conseguíuse, reduciuse a débeda, o período medio de pago a provedores e iniciase este ano cun superávit de máis dun millón de euros que queda reflexado precisamente nunha resolución da alcaldía, na número 1734/2019.

Dado que a situación, é moito mellor e agora probablemente sexa posible xa que a situación que había anteriormente non se podía. Rogamos que se inicie o proceso de baixada do IBI Urbano ó 0.4% que nós non puidemos máis que ó 0.5 e a adecuación das demais ordenanzas fiscais que permitan ó Concello adherirse canto antes ó programa **Doing Bussines Galicia**.

Este mes de febreiro pecharon dous negocios na avenida Castelao e calquera esforzo que se faga para evitar ou frear esta dinámica, paga a pena e é pouco.



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

Veciños e veciñas do Chalón e Fonte Vella, trasladáronnos a queixa de non recibir contestación ós escritos que entregaron no Concello con rexistro de entrada sobre a problemática arredor do “Tres Portas” O último deles presentado o 02/01/2020. Nos piden que lle roguemos que lle conteste a estes veciños e veciñas.

Quería facer un último rogo, que é un arranxo que xa foi mirar, no seu día, o encargado da brigada de obras. Un arranxo, alí en Creo, nunha carretera en Creo, chámase “A costa de fuchica” os de por alí, todos sabemos donde é. É donde está o cruce de Calvo, collendo cara arriba cara Creo hai un tramo da carretera que vai a ajua do rejeiro, vai comendo a carretera, o rejeiro cada ves é máis grande e tan grande se está facendo que está sendo perigoso, entón xa o mirou no seu día o encargado da brigada de obras e lle rogaría que fixeran ese arreglo porque algún coche xa meteu as rodas alí e, nada máis.

Señora Lago

Dende o BNG sabemos que aínda non se lle deu resposta a asociación, A Ostreira, sobre a ocupación dun camiño de dominio público. Preguntamos tamén se o Concello esta traballando na recuperación deste camiño en Punta Abelleira

Na baixada da praia de Ventín, hai un poste da luz moi famoso que veu aquí, a tódolos plenos xa durante hai cerca de catro anos. Basicamente, porque está case no medio da estrada. O anterior goberno local tiña todo listo para movelo, vaise mover neste?

O Concello vaille pagar os premios ós gañadores do entroido? Ou van a facer o mesmo que cas comisións de festas, asociacións deportivas e as asociacións que organizan a única, ata agora, a única festa de interese cultural do Concello? Temos coñecemento de que algunhas asociacións, sí que cobraron. Por que unhas sí e a outras chegou a dicírselle que se esquecesen do pago, que criterio se emprega para establecer prioridade? Íamos preguntar si se incluírán estes pagos no REC que se nos anunciou para marzo, pero como tardou un mes en contestarnos, mellor miramolo na documentación cando nos chegue.

Se non se vos ocorre ningún nome para poñerlle ó camiño que baixa para Anido, pódese facer unha recollida de propostas veciñais ou un referendun que si que valería, este.

Estance a realizar análises periódicas das augas de fontes? Se a resposta é que sí, recomendamos que se repitan e que se lle pidan responsabilidades ás empresas que o leven.

Alegrámonos de que se esté traballando na páxina web, estaremos pendentes do día que se difunda e esperamos que sexa, por fin, máis accesible.



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

Nun dos últimos plenos, pregunteille e non me dou resposta, se o servizo de normalización lingüística do Concello lle pasaba revisión ás publicacións do facebook e non me contestou. Vólvollo preguntar.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que o entendeu como un rogo, e pídelles disculpas.

Continúa a Sra. Lago para dicirlle que agora vai como pregunta

E sen máis asuntos que tratar a Sra. Alcaldesa da por rematada a sesión, cando son as vinteunha horas e vinte minutos, de todo o que eu como secretario accidental, dou fe.

O secretario Accidental.

Documento asinado electrónicamente